

T raballamos seguros!

Observa, le e aprende.

- Fíxate no xardineiro e en como vai vestido para facer o seu traballo. Sinala os sistemas de protección que utiliza.



En calquera tipo de traballo, hai que tomar as medidas oportunas para **evitar accidentes**. Para iso:

- Hai que empregar as ferramentas, as máquinas e os materiais apropiados para cada tipo de tarefa e hai que saber utilizarlos correctamente.
- É imprescindible utilizar os medios e os equipos de protección axeitados para o traballo que se realiza: cascos, lentes protectores, máscaras, luvas...
- É moi importante coñecer e respectar os sinais que avisan dalgún perigo ou indican como actuar nalgunhas situacións.

Coñeces o significado destas?





- 1 No debuxo, rodea os sistemas de protección que utiliza esta pintora e explica para que serven.

arnés - luvas - casco - botas



Arnés: para

- 2 Observa esta imaxe antiga e explica se estes traballadores cumprían as normas de seguridade e por que.



Falo e escribo



Unha **entrevista** é unha listaxe de preguntas para coñecer mellor unha persoa.

- 1 Completa a túa entrevista.

O teu nome	<input type="text"/> , alum__ de 2º
Pregunta:	A túa cor favorita?
Resposta:	<input type="text"/>
Pregunta:	O teu libro especial?
Resposta:	<input type="text"/>
P:	A túa película preferida?
R:	<input type="text"/>
P:	O teu deporte?
R:	<input type="text"/>
P:	A cidade ou vila que más che gusta?
R:	<input type="text"/>
P:	De maior gustariache ser...
R:	<input type="text"/>

- 2 Xoga cun compañeiro da aula a entrevistarvos un ao outro.
Antes debedes facer un cuestionario coas preguntas.



3 Le cada pregunta e rodea a resposta correcta.

1 Que debes fazer antes de comenzar as tarefas escolares?

- a** – Preparar os materiais que vou precisar.
- b** – Xogar, merendar e ver a televisión.
- c** – Comer moito para ter enerxía.

2 Onde traballas?

- a** – No salón, mentres vexo a televisión.
- b** – En calquera lugar da casa.
- c** – Nun lugar tranquilo e en silencio.

3 Como tes a mesa onde traballas?

- a** – Limpa e ordenada.
- b** – Desordenada e chea de xoguetes.
- c** – Non trabalho nunha mesa.

4 Cando traballas?

- a** – Pola noite, antes de deitarte.
- b** – A unha hora diferente cada día.
- c** – Antes de merendar, para que non se faga tarde.

4 Comproba as túas respuestas.**Respostas correctas**

- 1 → **a**
- 2 → **c**
- 3 → **a**
- 4 → **c**

Conclusíons

- Tres ou catro respuestas correctas: organizas ben o traballo.
- Unha ou dúas respuestas correctas: debes mellorar a organización do traballo e cambiar os teus hábitos.



T raballo en equipo: Investigo o pasado

Os obxectos e monumentos que conservamos do pasado axúdannos a coñecer como se vivía noutros tempos.

Propoñémosvos unha viaxe ao pasado en forma de investigación.

Despois de realizar as actividades individualmente, propoñemos un traballo en equipo. Para realizalo, podedes buscar información en Internet, na biblioteca, preguntar a persoas maiores, visitar un museo, etc.

Observa estes monumentos da época dos romanos.
Le as definicións e escribe o nome que corresponda.



ANFITEATRO



ACUEDUTO



MURALLA

■ Construción que se usaba para transportar a auga desde o lugar onde se encontraba na natureza ata unha poboación.

É...

■ Recinto para celebrar espectáculos e xogos.

É...

■ Parede elevada e pechada para protexer unha poboación.

É...

Observa estes obxectos que poderíamos ver na visita a un castelo. Relaciona as imaxes cos nomes e explica para que se utilizaba cada un.



COFRE

BRASEIRO

ARMADURA








Sabes se se conserva algún resto romano ou algún castelo na vosa localidade ou noutra de Galicia? Investigade o seu nome, onde está, para que se utilizaba, quen o coida na actualidade, etc., e facede un mural.

Tarefa: Os dolmens

38



O **dolmen** é un monumento moi antigo; é da Prehistoria.

Está formado por grandes pedras verticais chantadas na terra, un pouco abatidas cara a dentro. Sosteñen unha laxe horizontal que fai de tellado ou cuberta.

En Galicia temos dolmens moi coñecidos como o de Dombeite ou o de Axeitos, que podes ver na foto.

1 Contesta.

De que está feito un dolmen?

De que época son?

2 Debuxa un dolmen.



Repaso da unidade

- 1 Le e completa.

Por que visitas este castelo?

Porque .

Por que debuxas un dolmen?

Porque .

- 2 Escribe o nome dunha ferramenta e dun elemento de protección que adoite empregarse nestas profesións.

Albanelería →

Carpintería →

- 3 Escribe a definición de **museo** utilizando algunha destas palabras.

obxectos - restos - valor histórico - conservar - expoñer



A POESÍA



POESÍA, UNHA ARMA
CARGADA DE FUTURO.

POESÍA, COSMOS
POESÍA, UNIVERSO
POESÍA, CÓDIGO 0
POESÍA, SÉCULO XXIII
POESÍA, IPOD
POESÍA, MP3
POESÍA, IPHONE

POESÍA, SMS
POESÍA, WWW.WEB
POESÍA, MAIL
POESÍA, E-BOOK
POESÍA, CÓDIGO DE BARRAS
NEUROPOESÍA, CIBERPOESÍA
POESÍA, PETRÓLEO EN PALABRAS
POESÍA, ENERXÍA RENOVABLE




Comprendo a lectura

- 1 Escribe o título do poema.


- 2 Sinala a resposta correcta.

Esta poesía ten...



- 12 versos
- 15 versos
- 9 versos

Todos comezan pola mesma palabra excepto...



- 1 verso
- 3 versos
- 2 versos

Esa palabra inicial é...



- universo
- poema
- poesía



Intelixencia lingüística: Facer e debuxar poesía

- 3 Escribe o verso que mellor che soe, inventa ti outro e debúxao.



Descubrimentos e inventos

Observa, le e aprende.

- Pensaches algunha vez como sería a nosa vida se non se inventaran algunas das máquinas que utilizamos cada día? E se non se descubrían o lume ou a electricidade?
- Pensa como conservaríamos os alimentos sen o frigorífico, como viaxariamos sen coche ou como nos comunicaríamos sen Internet...
- Ao longo da historia, as persoas fixeron grandes **descubrimientos**. Algúns son moi antigos, como o **lume**, a **roda** ou o **papel**. Outros, algo más recentes, como a **electricidade**.



Coa electricidade chegaron moitos **avances tecnolóxicos** que produciron grandes cambios na vida das persoas, facilitando moito a vida diaria. As **comunicacións** son un exemplo destes grandes avances.



O **telégrafo** enviaba mensaxes de texto codificadas. Na actualidade, a través de **Internet** podemos enviar mensaxes ao momento e realizar vídeo-chamadas.




1 Risca o intruso de cada grupo. Debuxa outro máis e coloréaos todos.

Inventos que melloraron
a comunicación



Inventos que melloraron
as tarefas domésticas




2 En grupos, elixide algún dos descubrimientos antigos (o lume, a roda, o papel...) e buscade información. Despois, facede un mural no que recollades as vosas investigacións e expliquedes como era a vida das persoas antes do seu descubrimento e como mellorou despois.



Aprendo palabras

1 Le e relaciona.

MAIL: correo electrónico para enviar e recibir mensaxes.



PETRÓLEO: substancia de gran valor polo seu uso.



MP3: reprodutor de audio e vídeo.



COSMOS: universo, todos os astros e planetas.



SMS: mensaxe curta entre telefonos.



E-BOOK: libro dixitalizado.



ENERXÍA RENOVABLE: a que utiliza os recursos da natureza que non se esgotan, como o vento ou o sol.



2 Le e completa.

GALICIA DO A AO Z

Dicionario de definicións

- A** Auga: Substancia líquida sen sabor, sen olor e sen cor. Atópase en mares, ríos e lagos.
- B** Batea: Estrutura que flota no mar para criar mexillóns.
- C** Careta:

Dicionario de imaxes

D dolmen



hélice



noite de san Xoán



Q quilla



uva

E eucalipto



I



N niño



Rosalía



vieira



fento



lingua



O onda



S Santiago



xente

gaivota



moda



P



torre



Z



Personaxes históricos

Observa, le e aprende.

- Un personaxe histórico é un home ou unha muller que se recorda ao longo dos anos por contribuír dunha forma importante ao avance da humanidade, en distintos campos. Son personaxes históricos:
 - **Descubridores e aventureiros**, como Marco Polo ou Cristóbal Colón.
 - **Reis e políticos**, como Afonso X o Sabio ou Isabel I de Castela, coñecida como Isabel a Católica.
 - **Científicos, matemáticos, enxeñeiros, médicos...**, como Leonardo da Vinci, Marie Curie ou Ramón y Cajal..
 - **Artistas, escritores, músicos...**, como Rosalía de Castro, Velázquez, Frida Khalo ou, tamén, Leonardo da Vinci.
 - **Defensores dos dereitos humanos**, como Gandhi, Martin Luther King ou Teresa de Calcuta.

1400



1452-1519

Leonardo da Vinci, aínda que é coñecido por pintar A Gioconda, foi tamén escultor, arquitecto, enxeñeiro, matemático, científico, botánico, músico, escritor... Un grande inventor!



1492

Grazas ao apoio da raíña Isabel I de Castela, Cristóbal Colón descubriu América.



1852 - 1934

Santiago Ramón y Cajal recibiu o Premio Nobel de Medicina polos seus estudos sobre o sistema nervioso.



1837-1885

Rosalía de Castro escribiu Cantares Gallegos e Follas Novas. Foi unha gran defensora da lingua e da cultura galega.



1910-1997

Teresa de Calcuta loitou polos dereitos dos máis desfavorecidos e pola paz, e recibiu o Premio Nobel da Paz.

Ata a actualidade





- 1 Escribe o nome de cada personaxe e relaciónao co que o identifique.



Adeus ríos; adeus fontes;
adeus, regatos pequenos;
adeus, vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.
Miña terra, miña terra,
terra onde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.



Hai máis de 500 anos, xa debuxara nos seus cadernos o submarino, a bicicleta, o helicóptero, o paracaídas ou o compás.



Viaxou a América con tres carabelas, *La Pinta*, *La Niña* e *La Santa María*. Á súa volta, aportou a Baiona e trouxo cacao, tomates, patacas, vainilla...

- 2 Eixe un dos personaxes históricos que che presentamos e busca información para escribir unha breve biografía.

Unha **biografía** é o resumo da vida dunha persoa.

